



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
endereço electrónico: correo@abegondo.gal

ASUNTO: CONCESIÓN DEFINITIVA DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES SEN ANIMO DE LUCRO , FESTAS PATRONAIS E FESTAS PEL-CONCELLOS ANO 2022

EXPEDIENTES: 2023/G003/000229, 2022/G003/000621 e 2022/A002/000003

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. A convocatoria de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para o exercicio 2022 foi aprobada por Resolución da Alcaldía 469/2022 do 28/10/2022. As bases reguladoras da convocatoria de subvencións foron publicadas no taboleiro de anuncios, na web municipal e na sede electrónica do Concello de Abegondo e no Boletín Oficial da Provincia núm. 212 do 09/11/2022 e a mencionada convocatoria foi publicada na Base Nacional de Subvencións.

SEGUNDO. Foi emitido o informe técnico conxunto sobre o cumprimento en canto á inscricións das entidades no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Abegondo e no que se informa que as entidades solicitantes presentaron a solicitude dentro do prazo establecido na convocatoria, así como a relación dos solicitantes.

TERCEIRO. Os membros da Comisión Avaliadora establecidos no artigo 9 a) das bases reguladoras reuníronse o día 07/12/2022 para analizar e avaliar as solicitudes presentadas, e o 20/12/2022 reuníronse de novo para examinar a documentación xustificativa. Foi emitida a proposta de concesión e denegación para as asociacións de tipo veciñal, cultural, recreativo e educativo, deportivo e para as Festas Patronais.

CUARTO. Á vista da proposta da Comisión Avaliadora, mediante resolución da Alcaldía número 621/2022 do 30/12/2022 aprobouse a concesión provisional das subvencións e entidades sen ánimo de lucro anualidade 2022, na que se concedía provisionalmente as seguintes subvencións:

ENTIDADES CULTURAIS, EDUCATIVAS, FESTAS PATRONAIS E AXUDAS PEL- CONCELLOS ANO 2022

	ENTIDADE	IMPORTE PROPOSTO		
		ACTIVIDADE/ EQUIP.	FESTAS	FESTAS PEL-CONC.
1	ANPA SAN MARCOS	600	Non solicita	Non solicita
2	COMISIÓN DE FESTAS DA SALETA	Non solicita	Non solicita	1.400 €
3	ASOCIACIÓN CATÓLICA CULTURAL Y RECREATIVA DE CRENDES	400	300 €	Non solicita
4	ASOCIACIÓN VECIÑAL-CULTURAL STA. MARÍA DE CULLERGONDO	400	Non solicita	1.400 €
5	ASOCIACIÓN DO LADO DO SOL	600	Non solicita	Non solicita
6	ASOCIACIÓN SAN ESTEBAN DE COS	250	300 €	Non solicita
7	ASOCIACIÓN INMACULADA CONCEPCIÓN DE MEANGOS	400	300 €	Non solicita
8	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS STA. EULALIA ABEGONDO	400	Non solicita	Non solicita
9	ASOCIACIÓN CULTURAL CAFFÉ-CONCERTO OLD VIENA	250	Non solicita	Non solicita
10	ASOCIACIÓN VECIÑOS ORTO	400	Non solicita	Non solicita
11	ASOCIACIÓN DE VECINOS OS CRUCEIROS DE MABEGONDO	400	300 €	Non solicita
12	ASOCIACIÓN COMISIÓN DE FESTAS DE ORTO	Non solicita	300 €	Non solicita





C O N C E L L O
D E
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
endereço electrónico: correo@abegondo.gal

13	ANPAA LAGOA IES DE VIÓS	400	Non solicita	Non solicita
14	AGRUPACIÓN MUSICAL DE ABEGONDO	400	Non solicita	Non solicita
15	ASOCIACIÓN CULTURAL E DEPORTIVA SAN SALVADOR DE VIONES	Non solicita	Non solicita	1.400 €
16	ASOCIACIÓN FOLGOSO TROPICAL	400	Non solicita	1.400 €
17	ASOCIACIÓN VECIÑAL E CULTURAL O CARBALLAL	250	Non solicita	1.400 €
18	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS A NOSA FONTE	400	Non solicita	Non solicita
	TOTAIS	5.950 €	1.500 €	7.000 €

ENTIDADES DEPORTIVAS

	ENTIDADE	IMPORTE PROPOSTO
1	CLUB CICLISTA GACELA	500
2	ASOCIACIÓN DE CAZADORES DE ABEGONDO	400
3	ESCUDEIRÍA MRT	350
4	CR SPORT HORSE	400

QUINTO. O prazo para presentar a documentación xustificativa correspondente aos gastos para os que se solicitaron as subvencións remataba o día 15/12/2022. Os gastos xustificados das entidades, comisións de festas e clubs propostos para concesión provisional concordan cos gastos para os que solicitaran a subvención na súa solicitude.

SEXTO. Foi emitido un informe técnico conxunto das técnicas de Cultura e Deportes de data 7/12/2022 no que se informa que as entidades solicitantes estaban inscritas no Rexistro de Asociacións do Concello de Abegondo, no caso de asociacións así como da presentación de documentación relativa á convocatoria. No caso de comisións de festas, tal e como se especifica no dito informe, non precisan estar inscritas no dito rexistro de asociacións.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación máis destacada do asunto é a seguinte:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións
- A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia
- O Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais
- O Real decreto 500/1990, do 20 de abril, que desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas Locais, en materia de orzamentos
- Bases de execución do Orzamento do Concello de Abegondo
- Bases reguladoras da convocatoria das subvencións a entidades sen ánimo de lucro anualidade 2022
- Resolución da Alcaldía núm. 621/2022 do 30/12/2022 de concesión provisional das subvencións a entidades sen ánimo de lucro, Festas patronais e Festas Pel-Concellos anualidade 2022

CONSIDERACIÓNS





C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
endereço electrónico: correo@abegondo.gal

PRIMEIRA. A resolución de concesión provisional foi publicada no taboleiro de anuncios da Casa do Concello co fin de que os interesados puidesen presentar as alegacións oportunas no prazo de 10 días. **Non foi presentada ningunha alegación á resolución de concesión provisional no prazo establecido.**

SEGUNDA. Advírtese nas propostas de concesión de subvencións que estas quedan supeditadas á correcta xustificación dos gastos para os cales se solicitou a subvención de acordo coas bases reguladoras. Así mesmo, no caso de que as entidades xustifiquen gastos por importes inferiores aos que están obrigadas para obter o importe proposto pola Comisión Avaliadora, isto supoñerá unha minoración ou denegación das axudas inicialmente propostas.

O importe da subvención concedida provisionalmente non supera o 80% dos gastos efectivamente xustificadas

TERCEIRA. De acordo co artigo 28.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas os interesados non estarán obrigados a achegar documentos que fosen elaborados por calquera Administración, por isto a administración accederá aos datos tributarios e fiscais e da seguridade social co obxecto de consultar que non ten débedas pendentes. Presúmese que a consulta ou obtención é autorizada salvo que conste no procedemento a oposición expresa. O Concello de Abegondo comprobará antes do pagamento efectivo das subvencións que as entidades que presentaron a solicitude de subvención están ao corrente coa Seguridade Social e que están ao corrente coas súas obrigas tributarias e fiscais coa AEAT. No caso de que algunha entidade non estea ao corrente cando se comproben os datos e non poida acreditálos no prazo concedido para emendalo, non poderá recibir o importe da subvención.

Á vista do anterior considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable, polo que procede a súa aprobación por parte do alcalde de acordo co artigo 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, en concordancia co artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local (decreto de Alcaldía de 17 de xuño de 2019), en virtude do artigo 21.3ª e 23.2ªb da Lei 7/1985, de bases de réxime local, en aplicación do artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, coa finalidade de ditar o presente decreto.

SEGUNDO. Conceder definitivamente as subvencións que se relacionan a continuación, polos importes que se indican, con cargo ás partidas orzamentarias 334/48002 que suman importe total dezaseis mil cen euros (16.100 €).

ENTIDADES CULTURAIS, EDUCATIVAS, FESTAS PATRONAIS E AXUDAS PEL- CONCELLOS ANO 2022

	ENTIDADE	IMPORTE PROPOSTO		
		ACTIVIDADE/ EQUIP.	FESTAS	FESTAS PEL-CONC.
1	ANPA SAN MARCOS	600	Non solicita	Non solicita
2	COMISION DE FESTAS DA SALETA	Non solicita	Non solicita	1.400 €
3	ASOCIACION CATÓLICA CULTURAL Y RECREATIVA DE CRENDES	400	300 €	Non solicita
4	ASOCIACIÓN VECIÑAL-CULTURAL STA. MARÍA DE CULLERGONDO	400	Non solicita	1.400 €
5	ASOCIACIÓN DO LADO DO SOL	600	Non solicita	Non solicita





CONCELLO
D E
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
endereço electrónico: correo@abegondo.gal

6	ASOCIACIÓN SAN ESTEBAN DE COS	250	300 €	Non solicita
7	ASOCIACIÓN INMACULADA CONCEPCIÓN DE MEANGOS	400	300 €	Non solicita
8	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS STA. EULALIA ABEGONDO	400	Non solicita	Non solicita
9	ASOCIACIÓN CULTURAL CAFFÉ-CONCERTO OLD VIENA	250	Non solicita	Non solicita
10	ASOCIACIÓN VECIÑOS ORTO	400	Non solicita	Non solicita
11	ASOCIACIÓN DE VECINOS OS CRUCEIROS DE MABEGONDO	400	300 €	Non solicita
12	ASOCIACIÓN COMISIÓN DE FESTAS DE ORTO	Non solicita	300 €	Non solicita
13	ANPA A LAGOA IES DE VIÓS	400	Non solicita	Non solicita
14	AGRUPACIÓN MUSICAL DE ABEGONDO	400	Non solicita	Non solicita
15	ASOCIACIÓN CULTURAL E DEPORTIVA SAN SALVADOR DE VIONES	Non solicita	Non solicita	1.400 €
16	ASOCIACIÓN FOLGOSO TROPICAL	400	Non solicita	1.400 €
17	ASOCIACIÓN VECIÑAL E CULTURAL O CARBALLAL	250	Non solicita	1.400 €
18	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS A NOSA FONTE	400	Non solicita	Non solicita
	TOTAIS	5.950 €	1.500 €	7.000 €

ENTIDADES DEPORTIVAS

	ENTIDADE	IMPORTE PROPOSTO
1	CLUB CICLISTA GACELA	500
2	ASOCIACIÓN DE CAZADORES DE ABEGONDO	400
3	ESCUDEIRÍA MRT	350
4	CR SPORT HORSE	400

TERCEIRO A autorización, disposición e recoñecemento da obriga polos gastos xustificadas en cada unha das subvencións relacionadas por un importe total de dezaseis mil cen euros (16.100 €).

QUINTO.. A ordenación do pago destas axudas polos importes indicados. O Concello de Abegondo comprobará, previamente ao pago efectivo destas subvencións concedidas, a través dos seus servizos municipais habilitados para o efecto, que as entidades beneficiarias de subvención están ao corrente coa Seguridade Social e que están ao corrente coas súas obrigas tributarias e fiscais coa AEAT.

SEXTO. Publicar a presente resolución na sede electrónica do Concello de Abegondo e no taboleiro de anuncios, co que se entenderá notificada aos interesados, de acordo co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e nas bases reguladoras da convocatoria, así como na Base Nacional de Subvencións.





C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
endereço electrónico: correo@abegondo.gal

SÉTIMO. Dar traslado da presente resolución aos distintos servizos administrativos da Corporación, e dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre en cumprimento do disposto no art. 42 do Real decreto 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

O que resolvo e asino, ante min, o secretario da Corporación.

Abegondo, na data que figura na marxe

O alcalde

O secretario

José Antonio Santiso Miramontes

Adrián J. Márquez Caramés

